NORMATIVA 2014 – 2015

BOLSAS - FORMACIÓN ADESTRADORES

BOLSAS PARA CURSOS DE INICIACIÓN

A Federación Galega de Baloncesto en colaboración con "La Caixa" outorgará as seguintes Bolsas para os diferentes Cursos de Adestradores que organizará durante a Tempada 2014-15:

AXUDAS ECONÓMICAS PARA MOZOS:

Axudarase con:

- Desconto de ata o 50% da súa cota de inscrición, nos Cursos de Nivel Iniciación na tempada 2014 - 2015 **aos alumnos que, sendo cualificados como "APTOS" na primeira convocatoria do curso, cumpran tamén algún os seguintes requisitos:**

    - ***Data de Nacemento: ano 1993 e posteriores.***

    - ***No caso dos maiores de idade: estar inscritos no INEM e acreditar esta situación coa presentación da correspondente cartilla de desemprego.***

Para demandar a Bolsa, o solicitante cumprimentará o formulario de Solicitude de Bolsa conxuntamente ca súa inscrición no Curso e presentará a documentación esixida.

En ningún caso se tramitarán solicitudes de bolsas con posterioridade ao inicio do curso.

O ALUMNO/A INGRESARÁ A TOTALIDADE DA COTA DE INSCRICIÓN DO CURSO QUE LLE CORRESPONDA e, posteriormente, unha vez realizado o Curso, a Federación Galega de Baloncesto reintegraralle os importes das axudas na conta que o alumno/a lle indique.

FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

"la Caixa"

BOLSAS PARA CURSOS DE NIVEL I E II

A Federación Galega de Baloncesto en colaboración con "La Caixa" outorgará as seguintes Bolsas para os diferentes Cursos de Adestradores que organizará durante a Tempada 2014-2015:

AXUDAS ECONÓMICAS PARA MOZOS/AS:

Axudarase con:

- Desconto de ata un máximo do 50% da súa cota de inscrición, nos Cursos de Nivel I e II realizados na tempada 2014-15 **aos alumnos que, sendo cualificados como "APTOS" na primeira convocatoria do curso, cumpran tamén os seguintes requisitos:**

    - ***Data de Nacemento: ano 1990 e posteriores.***

    - ***No caso dos maiores de idade: estar inscrito no INEM e acreditar esta situación coa presentación da correspondente cartilla de desemprego.***

Para demandar a Bolsa, o solicitante cumprimentará o formulario de Solicitude de Bolsa conxuntamente coa súa inscrición no Curso e presentará a documentación esixida.

En ningún caso se tramitarán solicitudes de bolsas con posterioridade ao inicio do curso.

O ALUMNO/A INGRESARÁ A TOTALIDADE DA COTA DE INSCRICIÓN DO CURSO QUE LLE CORRESPONDA e, posteriormente, unha vez realizado o Curso, a Federación Galega de Baloncesto reintegraralle os importes das axudas na conta que o alumno/a indique.